



Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se declara vacante unha (1) praza da convocatoria do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de POLIQUETOS no permiso de explotación de embarcación ao abeiro do plan de xestión conxunto para o recurso específico Poliquetos, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende a superficie, das Confrarías de Pescadores de Camelle, Corme, Laxe e Malpica

Antecedentes

1. A Orde do 22 de decembro de 2021 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024. (DOG Núm. 251, de 31.12.2021).

De conformidade co expediente de aprobación do Plan de xestión conxunto para o recurso específico poliquetos (PE410A 2021/59-1), modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende a superficie, das confraría de pescadores de Camelle, Corme, Laxe e Malpica (en adiante plan de xestión conxunto) estableceuse un número máximo de 11 embarcacións con 23 persoas mergulladoras habilitadas con dereito a cota para o trienio 2022-2024 e un número máximo de 3 habilitacións/embarcación. O reparto de participantes por confraría é o que segue:

- Corme: 8 embarcacións
- Laxe: 1 embarcación
- Camelle: 1 embarcación
- Malpica: 1 embarcación

Trala finalización do último proceso de renovación de 2021 desta modalidade nas entidades integrantes do plan de xestión conxunto para o trienio 2022-2024, o número de embarcacións coa arte poliquetos (Z6) no permiso de explotación autorizadas para participar no plan foi de 9 embarcacións e 16 persoas mergulladoras con dereito a cota, co seguinte reparto por confraría:

- Corme: 8 embarcacións
- Laxe: 1 embarcación
- Camelle: 0 embarcacións
- Malpica: 0 embarcacións

2. O 18.03.2022 (Registro de Entrada N° 2022/724691) as entidades presentaron unha solicitude para que se iniciase o proceso para a cobertura de vacantes ata o número máximo de embarcacións establecido no plan de xestión conxunto, propoñendo o outorgamento de dúas (2) habilitacións por embarcación e o reparto das tres (3) cotas que restarían entre as embarcacións participantes no plan coa convocatoria dunha lista aberta para o incremento de cotas de captura.

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xfaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal





3. O 21.09.2022 esta xefatura territorial comunicou por correo electrónico ás entidades que os procesos de outorgamento do recurso específico poliquetos, modalidade en apnea e con subministro de aire dende a superficie, realizaríase a principios de 2023. A mesma información reiterouse o 20.01.2023 tamén por correo electrónico.

4. O 24.02.2023 esta xefatura territorial ditou a resolución pola que se convoca o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de Poliquetos (Z6) a dúas (2) embarcacións con dúas (2) cotas para mergulladores/embarcación (4 habilitacións en total), para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión conxunto.

Neste proceso tívose en conta o reparto de participantes por confrarías establecido no plan conxunto polo que vistas as embarcacións autorizadas a participar no plan conxunto, as prazas obxecto desta convocatoria foron as seguintes:

- Camelle: 1 barco con 2 habilitacións
- Malpica: 1 barco con 2 habilitacións.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.

2. A resolución do 24.02.2023 desta xefatura territorial que convocou o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de Poliquetos (Z6) a dúas (2) embarcacións con dúas (2) cotas para mergulladores/embarcación (4 habilitacións en total) estableceu un prazo de 15 días hábiles para a presentación das solicitudes.

Transcorrido o dito prazo presentouse unha embarcación á praza convocada para a Confraría de pescadores de Camelle e non se presentou ningunha á praza convocada para a Confraría de pescadores de Malpica.

3. O 21.04.2023 esta xefatura territorial ditou a resolución pola que se aprobou a lista definitiva de embarcacións admitidas no proceso selectivo e ofertouse á única embarcación admitida a posibilidade para optar á modalidade do recurso específico POLIQUETOS coa asignación de dúas (2) cotas de mergulladores/as no permiso de explotación.

O proceso selectivo rematou o 03.05.2023 co outorgamento á embarcación SILVIA (CFPO: 5652 - Lista, matrícula e folio: 3ª-CO-4-1840) da modalidade do recurso específico POLIQUETOS.

4. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:





1. Declarar vacante unha (1) praza correspondente á Confraría de pescadores de Malpica para a obtención da modalidade de POLIQUETOS no permiso de explotación de embarcación con 2 cotas para mergulladores/as a do plan de xestión conxunto de poliquetos das confrarías de pescadores de Camelle, Corme, Laxe e Malpica

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial de A Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios das Confrarías de Camelle, Corme, Laxe e Malpica.

Contra esta resolución, que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Esta resolución notifícasele á confraría de pescadores de Corme, como entidade representante, así como ás confrarías de pescadores de Laxe, Camelle e Malpica como restantes entidades integrantes do plan de xestión conxunto, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A xefa territorial

Por ausencia (Resolución do 4 de agosto de 2022)

O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro

Miguel Gómez Losada

(asinado dixitalmente á marxe)

